

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****ROSAL, O****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA LIMPEZA DE FINCAS,  
DISTANCIA DE PLANTACIÓNS E XESTIÓN DA BIOMASA**ANUNCIO*

*Aprobación definitiva da ordenanza reguladora das limpeza de fincas, distancia de plantacións e xestión da biomasa do Concello do Rosal*

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións no período de exposición pública, o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de xaneiro de 2021, polo que se aprobaba inicialmente a ordenanza reguladora das limpeza de fincas, distancia de plantacións e xestión da biomasa do Concello do Rosal, e, en cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/1985, de 3 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 196.2 do Real Decreto 2568/986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, procédese á publicación do texto íntegro da ordenanza, que non entrará en vigor ata que transcorra o prazo ao que se refire o artigo 70.2 da Lei 7/85:

**“ORDENANZA REGULADORA DAS LIMPEZA DE FINCAS, DISTANCIA DE PLANTACIÓNS  
E XESTIÓN DA BIOMASA DO CONCELLO DE O ROSAL***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

O Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 reconece aos incendios forestais coma un dos máis importantes problemas ambientais de Galicia, constituíndo unha grave causa de perdas de riqueza nas economías rurais, un risco severo para as persoas e os ecosistemas e unha fonte inesgotable de gasto público. Por todo o anterior, cómpre desenvolver políticas activas de prevención e loita contra incendios forestais que permitan protexer de xeito efectivo os recursos naturais e humanos do territorio dos riscos asociados ó lume.

Neste senso, a aprobación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, implicou a implantación de novas estratexias de prevención de incendios forestais que perseguían cumprir con estes obxectivos. Porén, as novas medidas de prevención de incendios establecidas pola Lei supuxeron a adquisición de novas responsabilidades por parte de tódolos axentes sociais relacionados directa ou indirectamente co medio rural e forestal.



No que atinxe ás responsabilidades dos concellos, o artigo 16 da Lei 3/2007 establece un conxunto de normas e consideracións técnicas que o concello do Rosal incorporou á súa planificación por medio da aprobación do Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais Municipal. Porén, algúns aspectos esenciais da prevención de incendios forestais a escala municipal non foron explicitamente determinados na Lei 3/2007, polo que deben ser concretados por medio da aprobación dunha ordenanza municipal específica.

Conforme á potestade atribuída polos artigos 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora do Réxime Local e 6 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, coa presente Ordenanza o Concello do Rosal propónse desenvolver a regulación da xestión da biomasa vexetal e das distancias de plantación de especies arbóreas e arbustivas, no solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como o deseño do procedemento administrativo de orde de execución de xestión de biomasa vexetal, no ámbito das súas competencias, co obxecto de conseguir as axeitadas condicións de seguridade para reducir os riscos asociados ós incendios forestais, protexendo dos mesmos ás persoas, ás poboacións, ás infraestruturas e ós ecosistemas.

## *TÍTULO I*

### *DISPOSICIÓN XERAIS*

#### *Artigo 1.-Fundamentos legais*

Descríbense brevemente a continuación as normas vixentes de maior relevancia en relación coa prevención de incendios forestais e coas distancias de plantación de árbores:

- Artigos 582, 591 e 592 do Código Civil:

Establecen as distancias mínimas que debe haber entre árbores ou arbustos e as propiedades estremeiras, así como as condicións baixo as cales poderase ordenar ou executar a poda de ramas ou raíces que invadan unha propiedade estremeira.

- Decreto 2661/1967, de 19 de outubro, sobre distancias entre plantacións e fincas estremeiras:

Define as distancias mínimas que deberán respectar as novas repoboacións forestais con cultivos agrícolas estremeiros, en función da especie forestal a plantar.

- Decreto 81/1989, de 11 de maio, sobre medidas de ordenación das novas plantacións co xénero Eucaliptus:

Complementa o establecido no Decreto 2661/1967 con respecto ás distancias mínimas que deberán respectar as novas repoboacións forestais de eucaliptos con fincas estremeiras.

- Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes.

Establece algunhas consideracións xerais acerca das responsabilidades das persoas e das administracións na prevención de incendios forestais, o réxime sancionador relacionado cos incendios forestais, entre outros aspectos.



Mércores, 7 de abril de 2021

Núm. 64

- Decreto 105/2006 de 22 de xuño, polo que se regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

Establece por primeira vez na lexislación galega un conxunto de consideracións e limitacións normativas en relación coa prevención de incendios forestais.

- Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Define as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa vexetal, as responsabilidades das persoas titulares de terreos no cumprimento da xestión de biomasa vexetal, así como as responsabilidades dos concellos na planificación da prevención de incendios forestais e na instrución dos procedementos necesarios para facer efectiva a xestión da biomasa vexetal, entre outros aspectos.

- Lei 7/2012, de 28 de xuño, de Montes de Galicia.

Modifica gran parte do disposto na Lei 3/2007 e establece as distancias mínimas a respectar polas novas repoboacións forestais.

- Orde de 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.

Determina os concellos que son considerados como Zona de Alto Risco de Incendio, entre os cales se inclúe o Concello do Rosal.

- Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.

Establece as condicións mínimas legalmente esixibles co a que se debe xestionara biomasa vexetal por parte das persoas responsables nas zonas definidas na Lei3/2007.

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

Dispón as características que debe cumprir o procedemento administrativo de orde de execución de xestión de biomasa vexetal.

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Define no seu artigo 135 as obrigas das persoas titulares de terreos de mantelos nunhas condicións mínimas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato público.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Complementa, no seu artigo 332, o disposto na Lei 2/2016, no que concirne ás responsabilidades dos titulares de terreos.



Mércores, 7 de abril de 2021

Núm. 64

- Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Introduce modificacións á Lei 3/2012 no referente á repoblacións forestais e dos instrumentos de ordeación e xestión forestal.

- Lei 9/2017, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas:

Introduce modificacións á Lei 3/2007 no referente ás características das redes de faixas de xestión de biomasa vexetal e do procedemento para a xestión da biomasa vexetal.

- Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas:

Introduce modificacións á Lei 3/2007 no referente ás características das redes de faixas de xestión de biomasa vexetal e do procedemento para a xestión da biomasa vexetal.

- Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia:

Desenvolve en profundidade as características do procedemento de orde de execución de xestión da biomasa a vexetal a instruír polo concello e dos procedementos sancionadores vencellados.

### *Artigo 2.-Finalidade*

Esta ordenanza ten natureza non fiscal, e a súa finalidade é establecer as condicións para levar adiante as xestións da biomasa e a fixación das distancias para plantacións nos terreos clasificados como urbanos, de núcleo rural ou urbanizables sitios no termo municipal do Rosal.

### *Artigo 3.- Ámbito de aplicación*

1.- O disposto na presente Ordenanza aplicarase naqueles ámbitos que non estean explicitamente regulados na lexislación básica en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.

2.- Concretamente, será de aplicación en toda superficie municipal situada no interior de núcleos de poboación (solo de núcleo rural, urbano e urbanizable delimitado), así como naqueles terreos forestais ou de influencia forestal (situados a menos de 400 metros de terreos forestais) que se atopen a menos de 50 metros de núcleos de poboación e de edificacións ou instalacións illadas, segundo establece o artigo 21 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.



Mércores, 7 de abril de 2021

Núm. 64

*Artigo 4.- Persoas responsables*

1.- Para os efectos da presente ordenanza, entenderase por persoas responsables as persoas físicas ou xurídicas titulares ou, de ser o caso, as titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos afectados pola mesma, así como as administracións, as entidades ou as sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das formas previstas legalmente, das vías de comunicación e das liñas de transporte de enerxía eléctrica.

2.- Cando pertenza a unha persoa o dominio directo dun terreo ou construción e a outra o dominio útil, a obrigaón recaerá sobre aquela que teña o dominio útil.

3.- No caso das edificacións ou instalacións destinadas ás persoas, finalizadas sen licencia, comunicación previa ou orde de execución, ou incumplindo as condicións sinaladas nas mesmas, a persoa responsable da realización da xestión da biomasa será a persoa propietaria dos terreos edificadas, para o cal disporá dunha servidume de paso forzosa para acceder á faixa establecida. Este acceso farase durante o tempo estritamente necesario para o labor de xestión da biomasa, e polo punto menos prexudicial ou incómodo para os terreos gravados e, de ser compatible, polo máis conveniente para o beneficiario.

A retirada de especies arbóreas será realizada polo seu propietario.

O cumprimento das obrigas ao que se refire este número, e en tanto non transcurra o prazo de caducidade de seis anos que se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sen perjuicio do dereito das persoas titulares do dereito de aproveitamento dos terreos gravados pola servidumbre de paso forzosa ou das persoas propietarias das árbores retiradas a reclamar da persoa propietaria dos terrenos edificadas, na vía xurisdiccional que corresponda, a correspondente indemnización polos danos e perxucios sufridos, incluído o lucro cesante.

*Artigo 5.- Definicións*

Aos efectos desta ordenanza, defínense os seguintes termos:

- Solo urbano: Terreos que o planeamento urbanístico (Plan Xeral de Ordenación Municipal) tivera definido e clasificado como tal en virtude do disposto no artigo 16 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Núcleos rurais: Terreos que se incluían dentro dos núcleos rurais delimitados no planeamento municipal, de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Solo urbanizable: Constituirán o solo urbanizable os terreos que o planeamento estime necesarios e adecuados para permitir o crecemento da poboación e da actividade económica ou para completar a súa estrutura urbanística nos termos fixados no artigo 27 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia .



- Monte ou terreo forestal: Todo terreo que cumpre con algún dos criterios especificados no artigo 2 da lei 7/2012, do 28 de xunio, de montes de Galicia
- Repoboación forestal: Introducción de especies forestais nun terreo mediante sementeira ou plantación
- Zonas de influencia forestal: Áreas estremeiras que abarcan una franxa circundante dos terreos forestais cunha anchura de 400 metros, excluindo o solo urbano, de núcleo rural e o urbanizable delimitado.
- Especie forestal: Especie arbórea, arbustiva, de matogueira ou herbácea que non é característica de forma exclusiva do cultivo agrícola.
- Redes secundarias de faixas de xestión de biomasa: teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, das infraestruturas, dos equipamentos sociais, das zonas edificadas, dos parques e dos polígonos industriais.
- Xestión da biomasa: A creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible, a través do control ou eliminación parcial ou total da biomasa vexetal por medio do emprego das técnicas máis recomendables e coa intensidade e frecuencia para o cumprimento do obxecto previsto nesta ordenanza. Tendo en conta que os terreos situados en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable teñen unha natureza residencial ou habitacional, polo que os riscos para os bens e as persoas, por motivos de incendios de vexetación, deben minorarse drasticamente e primar a seguridade.
- Especies pirófitas: Especies consideradas xeradoras ou potenciadoras dos riscos vencellados ós incendios forestais e que están incluídas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (Anexo I da presente Ordenanza).
- Especies frondosas: Especies arbóreas autóctonas incluídas no Anexo 1 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de Montes de Galicia (Anexo II da presente Ordenanza).
- Redes secundarias de faixas de xestión de biomasa: teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, das infraestruturas, dos equipamentos sociais, das zonas edificadas, dos parques e dos polígonos industriais.

## TÍTULO II

### XESTIÓN DA BIOMASA VEXETAL

#### *Artigo 6.- Obrigas de xestión da biomasa*

As persoas responsables, segundo o establecido no artigo 4 da presente ordenanza, terán a obriga de xestionar a biomasa das fincas incluídas en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural conforme os criterios establecidos nesta Ordenanza, así como mantelas nas debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato, debendo proceder ao seu cuidado, desinfección e desratización periódica.



*Artigo 7.- Criterios de xestión da biomasa*

1.- Consonte o disposto na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as persoas responsables dos terreos ubicados en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural deberán acometer os traballos da xestión da biomasa establecidos neste artigo para cada clase de terreo, incluída de ser o caso, a retirada de especies arbóreas, antes de que remate o mes de maio de cada ano.

2.- A xestión da biomasa vexetal por parte das persoas responsables deberá executarse conforme ós seguintes criterios:

a) En solo urbano, urbanizable delimitado, ou de núcleo rural non poderán existir exemplares de especies pirófitas, de acordo coa definición establecida no artigo 5 desta Ordenanza, salvo que o correspondente informe técnico acredite que os exemplares posúen un especial valor natural ou ornamental ou que, por atoparse illados, non constitúen un risco significativo en relación coa propagación de incendios forestais.

b) No estrato arbóreo, nas masa mixtas ou por especies non consideradas pirófitas,

de acordo coa definición establecida no artigo 5 desta Ordenanza para garantir que se manteña unha discontinuidade horizontal entre as copas das árbores e vertical entre estas e os estratos herbáceo e arbustivo deberase cumprir os seguintes criterios:

1.- A distancia entre plantas será, como mínimo, de 7 metros e mantendo as copas tanxentes.

2.- A poda debe ser do 35% da altura da árbore ata que esta atinxa os 11,4 metros, altura a partir da cal a poda debe alcanzar o mínimo de 4 metros por riba do solo.

Estes criterios non serán aplicables en parques e xardíns municipais, árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un mínimo risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación, ou o correspondente informe técnico desaconselle a execución destas medidas.

c) As árbores deberán atoparse a unha distancia mínima de 2 metros coas antas de parcelas estremeiras, medida en horizontal dende o tronco, a unha altura de 1,3 m. E as ramas e raíces non deberán invadir as parcelas estremeiras. Os estratos herbáceo e arbustivo deberán atoparse a unha distancia mínima de 0,5 metros coas antas de parcelas estremeiras e nunca invadir estas.

d) As árbores de especies pirófitas, de acordo coa definición establecida no artigo 5 desta Ordenanza, deberán atoparse a unha distancia mínima de 4 metros e as árbores de especies frondosas, de acordo coa definición establecida no artigo 5 desta Ordenanza, deberán atoparse a unha distancia mínima de 2 metros de estradas, camiños ou pistas. As ramas de ditas árbores nunca deberán invadir as estradas, camiños ou pistas. Os estratos herbáceo e arbustivo deberán atoparse a unha distancia mínima de 4 metros coas estradas, camiños ou pistas e nunca invadir estas.



e) Nos estratos herbáceo e arbustivo, realizaranse rozas para garantir o cumprimento do disposto no apartado b) do artigo 2 da Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal e en ningún caso estes estratos poderán superar unha altura de 1 metro. As rozas serán realizadas a feito por medios mecánicos, salvo que o correspondente informe técnico, tras determinar a presenza de exemplares de especial valor natural ou ornamental, recomende a execución de rozas selectivas ou por medios manuais.

f) No caso de terreos nos que existan edificacións en estado ruinoso ou de abandono, realizaranse as actuacións de xestión de biomasa vexetal necesarias para garantir a accesibilidade á propiedade, evitando en todo caso que a vexetación medre de xeito que comprometa a estabilidade estrutural da edificación.

g) Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a mais de 400 metros do monte.

Con carácter xeral na mesma franxa de 50 metros mencionada non poderán existir exemplares de especies pirófitas, de acordo coa definición establecida no artigo 5 desta Ordenanza. As distancias mediranse dende ó límite do solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable, dende os paramentos exteriores das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, ou límites das súas instalacións anexas, dende o límite das instalacións nos casos de depósitos de lixo, gasoleiras e parques e instalacións industriais e dende o peche perimetral no caso dos campings.

h) Tal e como establece a disposición transitoria terceira da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, mentres non se definan as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, serán directamente aplicables as obrigas derivadas do disposto no artigo 21 desta Lei, descritas no artigo 7.2 g) desta ordenanza.

#### *Artigo 8.- Réxime de autorizacións para cortas de arbolado no interior dos núcleos de poboación*

1.- A corta de calquera exemplar arbóreo en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural requirirá da presentación no rexistro do Concello dunha comunicación previa cunha antelación de 15 días á execución da corta.

2.- A corta de calquera exemplar arbóreo que existira en solo urbanizable delimitado antes da entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia requirirá da correspondente solicitude de autorización á Xunta de Galicia, segundo o establece a disposición transitoria quinta da devandita Lei.





Mércores, 7 de abril de 2021

Núm. 64

3.- A corta de exemplar arbóreo que non pertenza a solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural requirira obter previamente a autorización da Administración competente.

4.- Naqueles casos nos que, conforme ó disposto no artigo 7 desta Ordenanza, sexa preceptiva a corta de exemplares arbóreos para o cumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal, a persoa responsable non estará exenta do réxime de autorizacións establecido neste artigo.

#### *Artigo 9.- Biomasa vexetal residual*

1.- En cumprimento do establecido no artigo 95 da Lei 7/2012 de montes de Galicia, tras a realización das rozas ou cortas que resulten preceptivas en cumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal deberá executarse adicionalmente unha trituración de restos in situ, agás no caso dos elementos leñosos de diámetro maior de 5 centímetros, que deberán ser retirados da parcela, salvo que o correspondente informe técnico prescriba expresamente o contrario.

2.- Estará prohibido acumular residuos forestais procedentes da limpeza do monte ou resultantes da explotación forestal, tales como biomasa forestal residual, estelas, cortiza, resina e todo tipo de residuos agrícolas. Excluíranse os amoreamentos en cargadeiro de: madeira en rolo e daqueles subprodutos resultantes de corta ou extracción forestal. Estes últimos, durante os meses de xunio, xullo, agosto e setembro, deberán ter arredor unha área limpa de vexetación cun perímetro de 10 metros.

3.- Manteranse libres de estrato arbóreo, arbustivo e herbáceo, de residuos ou desperdicios procedentes da limpeza do monte ou resultantes da explotación forestal ou agrícola, os camiños forestais, así como as gabias ou servidumes destas nunha franxa de 2 metros a ambos os dous lados desde a súa aresta exterior.

4.- A existencia de vertedoiros incontrolados deberá ser comunicada ao concello, e deberase proceder a súa retirada e limpeza por as persoas responsables, segundo o establecido no artigo 4 da presente ordenanza, no prazo establecido de 15 días naturais.

#### *Artigo 10.- Afecións á xestión da biomasa vexetal*

1.- Como norma xeral, no caso de que a execución de actuacións de xestión da biomasa vexetal estea condicionada por limitacións normativas establecidas por lexislacións sectoriais vixentes ou mesmo suxeita a un réxime de autorizacións, estas limitacións xunto coa necesidade de autorización deberán ser analizadas e incluídas no correspondente informe técnico.

2.- Se como conclusión do correspondente informe técnico despréndese a necesidade de solicitar autorización a unha determinada Administración sectorial para executar a xestión da biomasa vexetal, a persoa responsable de dita execución, conforme o disposto no artigo 4 desta Ordenanza, será a única responsable de facer efectiva dita solicitude.



*Artigo 11.- Tipos de afeccións á xestión da biomasa vexetal*

A xestión da biomasa vexetal nos espazos que constitúen o ámbito desta Ordenanza poderá verse legalmente condicionada polos seguintes tipos de afeccións:

1.- Recursos hídricos: Sempre que a execución da xestión da biomasa vexetal afecte a ou sexa realizada nas inmediacións de canles catalogadas pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil ou Augas de Galicia, analizarase a necesidade de solicitar autorización ó Organismo de Conca, o que deberá reflectirse no correspondente informe técnico. Como norma xeral, nas zonas de servidume dos cursos fluviais, nunha franxa de 5 metros dende o límite da canle, non se procederá á xestión da biomasa vexetal, salvo que así o autorice expresamente o Organismo de Conca.

Nas zonas de policía dos cursos fluviais, nunha franxa de 100 metros dende o límite da canle, aplicaranse na medida do posible métodos selectivos de control da vexetación, resultando preceptiva a solicitude de autorización ó Organismo de Conca no caso de que as actuacións de xestión de biomasa vexetal afecten significativamente a especies non consideradas pirófitas, de acordo co establecido no artigo 5 desta Ordenanza.

2.- Conservación de hábitats e especies: En ningún caso se procederá á xestión da biomasa en hábitats identificados como prioritarios no Anexo I da Directiva Hábitats (Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio). No suposto de que o correspondente informe técnico ditamine que as actuacións de xestión de biomasa vexetal poden afectar directa ou indirectamente a especies de flora ou fauna protexidas, deberá solicitarse autorización á Administración competente en materia de conservación da natureza antes de executar as devanditas actuacións.

3.- Procesos erosivos: En cumprimento da obriga establecida no artigo 44.2 d) da Lei 7/2012, de montes de Galicia, en zonas de elevadas pendentes, de solos fráxiles ou nas que existen evidencias de que se dan ou se poden dar procesos erosivos significativos, poderá proporse unha redución da intensidade da xestión da biomasa coa fin de protexer os solos, se así o establece o correspondente informe técnico, que deberá contar co informe favorable da Administración forestal competente.

4.- Patrimonio Cultural: Conforme ó disposto na Instrucción de 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacions en materia de patrimonio cultural nos bens inmuebles catalogados e declarados de interese cultural, seus contornos de protección e as zonas de amortiguación, sempre que se realicen actuacións de xestión de biomasa vexetal nas inmediacións de bens catalogados do Patrimonio Cultural pedirase autorización á Administración autonómica competente, salvo que se trate de podas ou rozas por medios manuais ou mecanizados portátiles. Nos contornos de protección dos bens catalogados non será preciso solicitar autorización mentres as actuacións propostas non modifiquen significativamente a escena urbana ou a paisaxe natural na que se atopan.



Mércores, 7 de abril de 2021

Núm. 64

5.- Solo Rustico: En ningún caso se procederá á xestión da biomasa en solo rustico. No suposto de que o correspondente informe técnico ditamine que as actuacións de xestión de biomasa vexetal poden afectar ao solo rustico ou este estea na franxa secundaria, deberá solicitarse autorización á Administración competente antes de executar as devanditas actuacións.

### TÍTULO III

#### PROCEDIMENTO DE ORDEN DE EXECUCIÓN DE XESTIÓN DE BIOMASA VEXETAL

##### *Artigo 12.- Publicación de información*

O Concello do Rosal publicará anualmente na súa páxina web unha cartografía das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa vexetal definidas no plan de prevención e defensa contra incendios municipal, xunto cun listado onde se relacionen as referencias catastrais das parcelas afectadas polas franxas definidas no artigo 21 da Lei 3/2007.

##### *Artigo 13.- Procedemento de orde de execución de xestión de biomasa vexetal*

1.- As persoas físicas ou xurídicas responsables, segundo o disposto no artigo 21.2 da Lei 3/2007, deberán executar a xestión da biomasa vexetal nos seus terreos de acordo co establecido na Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios de xestión da biomasa vexetal ou, no seu caso, no artigo 6 desta Ordenanza antes do 30 de maio de cada ano.

2.- Transcorrida esta data sen que os responsables executaran as actuacións pertinentes de xestión de biomasa vexetal, o Concello poderá dar inicio á instrución do procedemento de orde de execución de xestión de biomasa vexetal.

##### *Artigo 14.- Inicio do procedemento de orde de execución de xestión de biomasa vexetal*

1.- Transcorrido o 30 de maio de cada ano, o Concello competente de oficio polos seus medios poderá determinar a posible situación de incumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal. Asemade, calquera cidadán poderá poñer no seu coñecemento a posible situación de incumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal mediante a presentación no rexistro do Concello da correspondente instancia, na que deberá identificarse as parcelas obxecto do procedemento mediante polígono e parcela catastrais.

2.- Unha vez determinado o incumprimento a través dos medios sinalados, será emitido polo Concello un informe técnico de información previa, no que se determinará a necesidade de ordenar a execución de actuacións de xestión de biomasa vexetal, conforme á lexislación vixente.

3.- Se as conclusións do informe técnico ditaminan que a parcela obxecto do procedemento incumpre efectivamente coas obrigas de xestión de biomasa vexetal, procederase á incoación do procedemento de orde de execución de xestión de biomasa vexetal.



Mércores, 7 de abril de 2021

Núm. 64

4.- Trala incoación do expediente procederase á emisión da notificación á persoa responsable na que se lle recordará a súa obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies prohibidas e se lle concederá para facelo un prazo máximo de quince días naturais, segundo o establece o artigo 22.3 da Lei 3/2007, contado dende o día seguinte á data de recepción da notificación, no caso ser necesaria autorización de organismos distintos do Concello para executar os traballos obrigatorios de xestión da biomasa, suspenderase o prazo concedido no apercibimento dende que o Concello teña constancia de que o interesado presentou a solicitude de autorización ata que a corta sexa autorizada polo órgano competente.

5.- Dita notificación constará do informe técnico, certificación catastral da parcela, así como da notificación na que se lle recorda a súa obriga de xestión de biomasa e as consecuencias de incumprilas.

#### *Artigo 15.- Execución das actuacións*

1.- O prazo xeral para a execución das actuacións de xestión de biomasa vexetal é, segundo o establece o artigo 22.2 da Lei 3/2007, de 15 días naturais, a contar dende o día seguinte á data de recepción da notificación por parte da persoa titular.

2.- Transcorrido ese prazo, os servizos técnicos municipais poderán visitar á parcela obxecto do procedemento e, mediante a redacción do correspondente informe técnico de execución, constatar o cumprimento ou incumprimento da execución ordenada.

3.- Se o devandito informe técnico conclúe que as actuacións ordenadas foron executadas nos termos esixidos na orde de execución, poderá procederse ó arquivo do expediente de orde de execución de xestión de biomasa vexetal.

#### *Artigo 16.- Incumprimento das obrigas*

1.- Se o informe técnico de execución ditamina que as actuacións de xestión de biomasa vexetal foron executadas só parcialmente ou incumprindo parte do resolto na orde de execución:

a) Procederáse á emisión dunha nova orde de execución na que se detallarán as actuacións necesarias para o total cumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal incluíndo o valor da execución subsidiaria e outorgando un novo prazo para a execución das mesmas.

b) Porase en coñecemento do Órgano Competente do incumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal, aos efectos de que poida iniciarse o correspondente procedemento sancionador.

2.- No caso de que o informe técnico de execución conclúa que as actuacións ordenadas non foron executadas, nin total nin parcialmente, actuarase do modo seguinte:

a) Procederáse á emisión dunha nova orde de execución na que se detallarán as actuacións necesarias para o total cumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal incluíndo o valor da execución subsidiaria e outorgando un novo prazo para a execución das mesmas.



Mércores, 7 de abril de 2021

Núm. 64

b) Porase en coñecemento do Órgano Competente do incumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal, aos efectos de que poida iniciarse o correspondente procedemento sancionador.

3.- Transcorrido ese novo prazo, os servizos técnicos municipais poderán visitar á parcela obxecto do procedemento e, mediante a redacción do correspondente informe técnico de execución, constatar o cumprimento ou incumprimento da execución ordenada, e se a mesma seguen incumprindo, actuarase do modo seguinte:

a) Procederáse á liquidación provisional dos custos da execución subsidiaria repercutindo na persoa responsable.

b) Ordenarase a execución subsidiaria das actuacións.

c) Porase en coñecemento do Órgano Competente o incumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal, aos efectos de que poida iniciarse o correspondente comiso de especies prohibidas.

#### *Artigo 17.- Notificación infrutuosa*

1.- De acordo co artigo 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 22.3 da Lei 3/2007, no caso de que a persoa responsable sexa descoñecida, non posúa domicilio de notificación coñecido, ou a notificación á mesma non se poida facer efectiva, o concello levará a cabo a notificación mediante publicación da mesma no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia, no cal se incluírán os datos catastrais da parcela.

2.- No caso anterior, o cómputo do prazo para a execución das actuacións iniciarase dende o día seguinte á data de publicación da notificación no Boletín Oficial do Estado.

#### *Artigo 18.- Execución subsidiaria*

1.- Se as persoas responsables non realizasen os traballos de xestión da biomasa nos prazos fixados, e nos termos expostos nos artigos anteriores, o Concello poderá levar adiante os mesmos, logo do previo apercebimento en forma e sen prexuízo da imposición, previa a tramitación do oportuno expediente, das sancións procedentes.

Neste apercebimento notificarase a valoración de dita execución, para a liquidación provisional dos custos da mesma. Os custos derivados deses traballos serán repercutidos, se é o caso, ás persoas responsables, procedendo, de ser o caso, ao cobro dos gastos que se ocasionen ao Concello a través do procedemento de prema.

2.- O Concello executará os traballos subsidiariamente a través da contratación dos mesmos de acordo coa normativa específica por non dispor de persoal suficiente para a execución ordinaria destes traballos.



Mércores, 7 de abril de 2021

Núm. 64

3.- Tras a execución subsidiaria das actuacións de xestión de biomasa vexetal procederase á liquidación final, co correspondente cobramento ou devolución do saldo acredor ou debedor resultante.

4.- Se a execución subsidiaria inclúe a retirada de especies arbóreas prohibidas a Administración procederá ao comiso das indicadas especies. Para elo levantarase un acta de dito comiso. O destino das especies obxecto de decomiso será o seu alleamento.

5.- Cando a identidade da persoa responsable non sexa coñecida no momento de proceder á execución subsidiaria, a repercusión dos costes aprazarase ao momento en que, no seu caso, chegue a ser coñecida, sempre que non teñan prescrito os correspondentes dereitos de cobramento a favor da Facenda pública municipal. No caso de que os custos acumulados da execución subsidiaria superen o valor catastral da parcela poderá ser causa de expropiación forzosa por interese social. A administración que asumise eses custos con cargo ao seu orzamento terá a condición de beneficiaria da expropiación forzosa e compensará, no momento do aboamento do prezo xusto expropiatorio, as cantidades debidas pola persoa propietaria por este concepto, sempre que non teñan prescrito os correspondentes dereitos de cobramento a favor da Facenda pública.

#### *Artigo 19.- Informes técnicos de xestión de biomasa vexetal*

1.- Os informes técnicos, tanto de información previa como de execución, que formen parte do procedemento de orde de execución de xestión de biomasa vexetal deberán estar asinados por un técnico competente.

2.- Os contidos mínimos destes informes técnicos, son os seguintes:

- a) Identificación da parcela mediante referencia catastral.
  - b) Análise da composición específica e da estrutura (alturas e densidades) dos estratos herbáceo/arbustivo e arbóreo existentes na parcela.
  - c) Posibilidades de acceso.
  - d) Distancia á vivenda máis próxima.
  - e) Valoración do risco de Incendio na parcela.
  - g) Conclusións, nas que marcarase as leis que incumpra a parcela.
  - h) Indicarase a xestión que debe facerse na mesma.
  - i) Fotografías que amosen visualmente o estado da vexetación descrita.
- 3.- Incluirase ademáis o plano catastral da parcela.



*CAPÍTULO IV*  
*PLANTACIÓNS**Artigo 20.- Repoboacións forestais*

1.- De conformidade co disposto na Lei 7/2012 de Montes, quedan prohibidas as repoboacións forestais nos terreos clasificados como solo urbano, urbanizable e de núcleo rural e nos terreos urbanizables nos que, de acordo coa disposición transitoria primeira sa Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do solo de Galicia, se lles aplique o disposto nesta Lei para o solo rústico.

2.- No seu caso as repoboacións forestais preexistentes antes da entrada en vigor da Lei 7/2012 de Montes, deberán adecuarse para gardar respecto das edificacións, vivendas illadas, pozos e instalacións industriais, a distancia mínima de 15 metros cando se trate de especies frondosas (Anexo II desta Ordenanza) e de 50 metros no resto de especies, tal e como establece a Lei 7/2012 de montes de Galicia. No caso de existir dúbidas sobre a existencia dunha edificación para a aplicación deste artigo, a administración poderá solicitar certificado de empadramento ou recibo dalgún dos tributos municipais para a súa verificación.

3.- Nos supostos de plantacións de árbores frutais, setos ou árbores ornamentais, as distancias serán as fixadas na correspondente ordenanza urbanística deste Concello, e, de non existir, serán as fixadas pola normativa que resulte de aplicación.

4.- Camiños públicos: Os propietarios de terreos lindantes con camiños públicos ou vías urbanas, deberán manter libres de maleza ou árbores o espazo de dous metros medidos horizontalmente dende a marxe da vía de acordo coa relación de especies establecidas na Disposición Adicional Terceira da Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención de defensa contra os incendios forestais de Galicia, ademais en calquera plantación que dea orixe ao seu arborado sobrevoe ou irrompa coas raíces en camiños públicos e vías urbanas, os propietarios deberán adoptar medidas que impidan tales ocupacións, tanto do solo como do subsolo e do espazo aéreo, incluídas árbores illadas.

*Artigo 21.- Especies prohibidas*

Non está permitida a plantación de exemplares de especies arbóreas pirófitas, de acordo coa definición establecida no artigo 3 da presente Ordenanza (especies incluídas no Anexo I), en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable delimitado.

*Artigo 22.- Distancias de plantación de árbores*

1.- A plantación de calquera exemplar arbóreo, de especies non incluídas no Anexo I da presente Ordenanza, en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable delimitado deberá cumprir coas seguintes distancias de seguridade:

- a) 2 metros coas antas das parcelas estremeiras.
- b) 2 metros co dominio público de vías de comunicación.



Mércores, 7 de abril de 2021

Núm. 64

c) 5 metros con canles fluviais de máis de 2 m de anchura

d) 5 metros con liñas de tendido eléctrico (medido ata a proxección horizontal do elemento condutor incluíndo a súa desviación máxima co vento, segundo á normativa aplicable a cada caso).

e) 25 metros co límite exterior de gasoleiras e outras instalacións nas que se desenvolvan actividades cualificables de perigosas, segundo a Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

2.- As distancias mediranse en horizontal dende o tronco da árbore.

## *CAPÍTULO V*

### *INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDEMENTO SANCIONADOR*

#### *Artigo 23.-Competencia*

Corresponde ao Concello do Rosal a través da alcaldía ou concelleiro no que delegue, a inspección e sanción das infraccións, previa a instrución do correspondente expediente, das obrigas reguladas nesta Ordenanza.

Cando se detecten infraccións de índole penal ou de competencia doutras Administracións darase conta inmediata das mesmas á autoridade ou organismo que corresponda.

#### *Artigo 24.- Clasificación das infraccións*

1.- Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias ás que se refire esta Ordenanza, os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido, así como os criterios establecidos na Lei 43/2003 do 21 de novembro, de Montes e na Lei 3/2007, do 9 de Abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

2.- As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

#### *Artigo 25.- Infraccións leves*

Constitúen infracción leve as seguintes condutas:

a) As condutas constitutivas de infracción reguladas nesta ordenanza cando non deban cualificarse como graves ou moi graves.

b) O incumprimento da obriga da xestión de biomasa vexetal establecida no artigo 7 da presente Ordenanza.

c) O incumprimento da obriga do réxime de autorizacións en materia de cortas de arborado establecida no artigo 8 da presente Ordenanza.





Mércores, 7 de abril de 2021

Núm. 64

### *Artigo 26.-Infraccións graves*

Constitúen infracción grave as seguintes conductas:

a) Non proceder á xestión da biomasa de acordo cos criterios establecidos no artigo 7 da presente Ordenanza, unha vez notificada a súa obriga e despois de serlle notificada a valoración do custo das mesmas, cando exista risco inminente de incendio para as vivendas e persoas.

b) Non permitir, resistirse ou obstruír o acceso do persoal de vixilancia á inspección dos terreos.

c) A negativa a subministrar información a autoridade municipal, funcionarios e axentes en cumprimento das súas funcións.

d) O incumprimento das prescricións sobre distancias de plantación de árbores en núcleos poboacionais establecidas no artigo 22 da presente Ordenanza.

e) O incumprimento das prescricións sobre plantacións de árbores en núcleos poboacionais establecidas no artigo 20 e 21 da presente Ordenanza.

f) A reincidencia en infraccións leves. Enténdese que existe reincidencia no caso de comisión de unha terceira infracción de carácter leve no prazo de dous anos, sempre que, respecto ás dúas anteriores, a resolución sancionadora tivera sido firme en vía administrativa.

### *Artigo 27.- Infraccións moi graves*

Constitúen infracción moi grave as seguintes conductas:

a) Cando se produza unha irreversibilidade do dano causado, se produzan danos moi graves sobre os recursos naturais ou grave perigo para a salubridade pública.

b) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e axentes.

c) A reincidencia en infraccións graves. Enténdese que existe reincidencia no caso da comisión dunha terceira infracción de carácter grave no prazo de dous anos, sempre que, respecto ás dúas anteriores, a resolución sancionadora tivera sido firme en vía administrativa.

### *Artigo 28.-Sancións*

As sancións aplicables serán, de acordo co artigo 74 da lei 43/2003 do 21 de novembro, de Montes, as seguintes:

a) Por infraccións leves, multas dende 100 a 600 euros.

b) Por infraccións graves, multa dende 601 a 1.500 euros.

c) Por infraccións moi graves, multa dende 1.501 a 3.000 euros



Mércores, 7 de abril de 2021

Núm. 64

*Artigo 29.- Gradación das sancións*

As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios:

1.- En cada expediente sancionador a contía da multa poderá ser graduada, atendendo ós criterios establecidos nos artigos 52 da Lei 3/2007 e 132 da Lei 7/2012, de montes de Galicia:

- a) Grao de intencionalidade
- b) Grao de reiteración
- c) Contía do beneficio obtido ou ánimo de lucro
- d) Natureza e intensidade dos prexuízos causados
- e) Adopción de medidas tendentes a diminuír o dano
- f) Afectación á salubridade pública

2.- Adicionalmente aos criterios citados no punto anterior, no caso de incumprimento da xestión da biomasa vexetal en solo urbano, de núcleo rural, ou urbanizable delimitado, teranse en conta os seguintes criterios complementarios:

- a) O índice de prioridade de actuación que estea asignado á parcela obxecto do procedemento.
- b) A presenza na parcela obxecto do procedemento de especies arbóreas pirófitas.
- c) A presenza na parcela obxecto do procedemento de edificacións en estado ruinoso ou de abandono.

3.- No caso de incumprimento das prescricións sobre plantación de árbores en solo urbano, de núcleo rural, ou urbanizable delimitado, teranse en conta os seguintes criterios complementarios:

- a) Se os exemplares plantados son especies pirófitas.
- b) Se o incumprimento concirne ás distancias mínimas con gasolineiras ou outras instalacións nas que se desenvolvan actividades cualificables de perigosas, segundo a Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

4.- No caso de incumprimento do réxime de autorizacións en materia de cortas de arborado en solo urbano, de núcleo rural, ou urbanizable delimitado, terase en conta como criterio complementario se os exemplares cortados pertencen a especies de frondosas.

*Artigo 30.- Multas coercitivas*

1.- A comisión de infraccións por incumprimento da xestión da biomasa vexetal e por incumprimento das prescricións sobre plantación de árbores poderá dar lugar á imposición de multas coercitivas.



Mércores, 7 de abril de 2021

Núm. 64

2.- As multas coercitivas serán reiteradas por períodos dun mes, sendo a contía de cada multa do 20% da sanción total fixada para a infracción cometida.

3.- Para a exacción das sancións, en defecto de pago voluntario ou no caso de non acatamento da sanción imposta, seguirase o procedemento administrativo de prema.

#### *DISPOSICIÓN ADICIONAL*

Como Anexo I a esta Ordenanza inclúese a relación de especies non permitidas nas redes secundarias de xestión da biomasa, recollidas na disposición adicional 3ª da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais e como Anexo II a relación de especies de frondosas, recollidas no Anexo I da Lei 7/2012 de montes de Galicia.

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

A promulgación futura e entrada en vigor da normas de rango superior ao desta ordenanza que afecten as materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario da Ordenanza.

#### *DISPOSICIÓN DERROGATORIA*

Quedan derogadas todas as disposicións municipais que contraveñan o disposto na presente Ordenanza.

#### *DISPOSICIÓN DERRADEIRA*

A aprobación da presente Ordenanza entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e transcorrido o prazo a que se refire o art. 65.2 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



Mércores, 7 de abril de 2021

Núm. 64

**ANEXO I: Especies pirófitas**

Nome científico	Nome común
<i>Pinus pinaster</i> , Ait.	Piñeiro galego, piñeiro do país
<i>Pinus sylvestris</i> , L.	Piñeiro silvestre
<i>Pinus radiata</i> , D.Don.	Piñeiro de Monterrey
<i>Pseudotsuga menziesii</i> , (Mirb.) Franco.	Piñeiro de Oregón
<i>Acacia dealbata</i> , Link.	Mimosa
<i>Acacia melanoxylon</i> , R.Br.	Acacia negra
<i>Eucalyptus</i> spp.	Eucalipto
<i>Calluna vulgaris</i>	Queiruga
<i>Chamaespartum tridentatum</i> , L.	Carqueixa
<i>Cytisus</i> spp.	Xesta
<i>Erica</i> spp.	Uz, carpaza
<i>Genista</i> spp.	Xesta, piorno
<i>Pteridium aquilinum</i> , (L.) Kut.	Fento común
<i>Rubus</i> spp.	Silva
<i>Ulex europaeus</i> , L.	Toxo

**ANEXO II: Especies frondosas**

Nome científico	Nome común
<i>Alnus glutinosa</i> , (L.) Gaertn.	Ameneiro
<i>Acer pseudoplatanus</i> , L.	Pradairo
<i>Betula</i> spp.	Bidueiro
<i>Fraxinus excelsior</i> , L.	Freixo
<i>Fraxinus angustifolia</i> , Vahl.	Freixa
<i>Castanea sativa</i> , Mill.	Castiñeiro
<i>Castanea x hibrida</i>	Castiñeiro híbrido
<i>Prunus avium</i> , L.	Cerdeira
<i>Quercus robur</i> , L.	Carballo
<i>Quercus pyrenaica</i> , Willd.	Cerquiño
<i>Quercus suber</i> , L.	Sobreira
<i>Quercus petraea</i> , (Matt.) Liebl.	Carballo albar
<i>Quercus ilex</i> , L. spp. <i>ballota</i> , <i>Quercus rotundifolia</i>	Acíñeira
<i>Coryllus avellana</i> , L.	Abeleira
<i>Fagus sylvatica</i> , L.	Faia
<i>Ulmus glabra</i> , <i>Ulmus minor</i> , Mill.	Umeiro
<i>Laurus nobilis</i> , L.	Loureiro
<i>Sorbus aria</i> , (L.) Crantz	Sorbeira do monte
<i>Sorbus aucuparia</i> , L.	Capudre
<i>Juglans regia</i> , L.	Noqueira
<i>Arbutus unedo</i> , L.	Érbedo

Documento asinado electronicamente á marxe

